



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.dicoruna.es

BASES

Primeiro. Concepto

Nadal Activo é un programa lúdico-educativo que facilita a conciliación laboral e familiar durante as vacacións de nadal.

O desenvolvemento das actividades terá lugar nas instalacións municipais do Forte e no CPI Antonio Orza Couto.

Segundo. Datás e horario

23, 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro e 2, 3, 4 e 5 de xaneiro. Entrada de 09:00 a 10:00 h. Saída de 13:30 a 14:00 h.

Posibilidade de inscrición por días soltos no caso de existir prazas vacantes.

Terceiro. Número de prazas e destinatarios/as.

O número de prazas ofertadas será de 20. No caso de existir maior número de solicitudes que de prazas seguiranse os criterios de baremación e presentarse a documentación requirida.

Dirixido a nenos e nenas de 2º ciclo de Infantil e Primaria empadroados no Concello de Boqueixón ou alumnado matriculado nun centro educativo de Boqueixón.

Cuarto. Contía

As tarifas destes prezos públicos serán 75 euros programa completo e 10 euros días soltos.

O prezo total a pagar polo Programa NADAL ACTIVO será cargado na conta bancaria indicada polo proxenitor/a ou titor/a legal do/da menor.

Quinto. Inscricións

As inscricións realizaranse dende o 5 ata o 15 de decembro, enviando a ficha de solicitude e demais documentación por unha das seguintes vías:

- Telemática, a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón (preferente). Incluír documentación en solicitude xeral.
- Presencial, mediante escrito presentado no Rexistro xeral do Concello
- Unha vez finalizado o prazo de inscricións, no caso de que quedar prazas vacantes, poderán ser cubertas por novas solicitudes seguindo a orde de rexistro de entrada.

Documentación que deben achegar xunto á ficha de inscrición(só no caso de non tela presentado):

1. Declaración da renda do 2021 ou xustificante acreditativo de non ter que presentala.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.dicoruna.es

2. Documento acreditativo de familia numerosa (de ser o caso).
3. Documentación complementaria no caso de que sexa requirida

Sexto. Exencións e bonificacións

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo público que resulte aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

1.- Exencións

Casos de emerxencia social, unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais ao IPREM ou outra situación valorada tecnicamente polo Departamento de Servizos Sociais.	100%
---	------

2.- Bonificacións

Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 1,5 veces o IPREM .	80%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 2,5 veces o IPREM.	70%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 4 veces o IPREM.	50%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 6,5 veces o IPREM	35%
Condición de familia numerosa xeral.	40%
Condición de familia numerosa especial.	50%

Sétimo. Procedemento de confirmación de prazas

1 Listaxe provisional de admitidos/as: unha vez rematado o prazo de inscrición, publicarase na web municipal a lista provisional de admitidos/as e a listaxe de agarda.

2 Prazo de reclamacións: unha vez publicada a listaxe disporase de 3 días naturais para presentar alegacións.

3 Listaxe definitiva de admitidos/as: publicarase posteriormente ao remate do prazo de alegacións.

Oitavo. Criterios de baremación:

No caso de empate de puntuación realizarase o desempate por sorteo.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.dicoruna.es

SITUACIÓN SOCIOLABORAL E FAMILIAR	
- Emerxencia social - Menores incluídos no programa de educación familiar - Familia con persoas con discapacidade a cargo - Familias con persoas dependentes a cargo - Unidade familiar con ingresos mensuais inferiores ou iguais ao IPREM - Outra situación valorada tecnicamente polo Departamento de Servizos Sociais.	5 puntos
Unidade familiar con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 1,5 veces o IPREM	4 puntos
Unidade familiar con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 2,5 veces o IPREM	3 puntos
Unidade familiar con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 4 veces o IPREM	2 puntos
Unidade familiar con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 6,5 veces o IPREM	1 punto
Situación de familia numerosa.	Xeral 1 punto
	Especial 2 puntos

SITUACIÓN LABORAL OU OCUPACIONAL	
Familias biparentais: 1- Cando as dúas persoas proxenitoras ou titoras legais traballen no mercado laboral. 2- Cando unha das persoas proxenitoras ou titoras legais traballe no mercado laboral.	3 puntos 1 punto
Familias monoparentais: 1- Cando a persoa proxenitora ou titora legal traballe no mercado laboral. 2- Cando a persoa proxenitora ou titora legal se atope en situación de desemprego.	5 puntos 2 puntos
Fogar monoparental: 1- Cando a persoa proxenitora ou titora legal traballe no mercado laboral. 2- Cando a persoa proxenitora ou titora legal se atope en situación de desemprego.	5 puntos 2 puntos